

INFORME-PROPOSTA

O Excmo. Concello Pleno en sesión celebrado o día 31 de marzo de 2016 aprobou a celebración e as bases do XXX Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol", que terá lugar do 18 ao 25 de novembro de 2016.

Segundo a cláusula sexta das citadas bases indica que o xurado será nomeado por resolución do Alcalde ou persoa en quen delegue e estará formado por unha Presidencia técnica e catro vogais, todos eles músicos de recoñecido prestixio con voz e voto e haberá tamén unha presidencia institucional con funcións representativas e un/unha secretario/a funcionario/a do negociado de Cultura, que actuarán con voz e sen voto.

Con data (RX) Natalia Lamas Vázquez presenta proposta para o nomeamento do xurado do XXX Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol".

Con data o concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade dita providencia na que ordea a tramitación do expediente para o nomeamento dos membros do xurado e do coordinador do premio así como o gasto correspondente aos primeiros.

Á vista do exposto proponse:

Primeiro . - Nomear ao xurado do XXX Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol" cos seguintes membros:

Presidencia Técnica: Natalia Lamas Vázquez.

Vogais:

1. Andreas Frölich
2. Arkadi Zenzipér
3. Leonel Morales
4. Miguel Ángel Tapia

Presidencia Institucional: Jesús Basterrechea López (concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade)

Secretaría: Unha funcionaria do Negociado de Cultura.

Segundo.- Nomear a Narcillo Pillo Guerreiro (32.415.957-X) coma coordinador do XXX Concurso Internacional de Piano "Cidade de Ferrol", que terá lugar do 18 ao 25 de novembro de 2016.

Ferrol,

Nas vindeiras datas do 18 ao 25 de novembro de 2016 terá lugar o XXX Concurso Internacional de Piano “ Cidade de Ferrol” .

Dende esta concellería está previsto nomear a Arkadi Zenzipér vogal do xurado que formará parte deste XXX Concurso Internacional de Piano “ Cidade de Ferrol” .

A vista do anterior, dende esta concellería solicitámoslle se facilite na medida do posible a presenza de Arkadi Zenzipér no concurso nas datas antes indicadas.

Agradecendo de antemán a súa atención, reciba un cordial saúdo.

Ferrol, 19 de outubro de 2016

Concelleiro delegado de Cultura do Concello de Ferrol

Jesús Basterrechea López